

Disposición derradeira cuarta. *Actualización das multas.*

Facúltase o Goberno para actualizar, mediante real decreto, o importe das multas previstas no artigo 14 desta lei, de acordo coa variación anual dos índices de prezos de consumo.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, dictará as normas de desenvolvemento que require esta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DO INTERIOR

19801 *REAL DECRETO 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores.* («BOE» 258, do 28-10-2003.)

A disposición derradeira segunda da Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, encoméndalle ó Goberno a modificación do Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto, en exercicio da competencia atribuída polo número 2 do artigo 60 do mencionado texto articulado.

A modificación regulamentaria a que se refire o parágrafo anterior vén imposta pola necesidade de actualizar a regulación das escolas particulares de conductores, acomodándoa ás modificacións normativas producidas desde a entrada en vigor do anterior regulamento, especialmente as levadas a cabo polo Regulamento xeral de conductores.

Por outra banda, faise necesario continuar na liña do regulamento anterior, no sentido de favorece-lo principio de liberdade de empresa, flexibilizando tanto os requisitos coma o réxime de funcionamento das escolas particulares de conductores, sen prexuízo de exercer-lo necesario control sobre estas.

Por último, con obxecto de axiliza-lo procedemento de selección dos profesores e directores, prevese a posibilidade de substituí-los cursos por probas de selección.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa previa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de outubro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento regulador das escolas particulares de conductores.*

Apróbase o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores, que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Competencias transferidas ás comunidades autónomas.*

En virtude do disposto no Real decreto 3256/1982, do 15 de outubro, sobre traspaso de servicios do Estado á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de execución da lexislación estatal sobre tráfico e circulación de vehículos, e no Real decreto 391/1998, do 13 de marzo, sobre traspaso de servicios e funcións da Administración do Estado á Xeneralidade de Cataluña en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, as respectivas comunidades autónomas exercerán as funcións de execución que se detallan no regulamento que aproba este real decreto, velando polo seu estricto cumprimento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e no regulamento que este aproba.

Disposición derradeira primeira. *Execución e desenvolvemento do regulamento que se aproba.*

Facúltase o ministro do Interior, co informe previo dos ministros competentes por razón da materia, para dictar as disposicións que requira o desenvolvemento, execución, aclaración e interpretación do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación específica ó ministro do Interior.*

Autorízase o ministro do Interior para que, de acordo coas innovacións tecnolóxicas que se vaian producindo, poida substituír e modificar tódalas esixencias que respecto ó material didáctico se conteñen no artigo 20 do regulamento que se aproba.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que por el se aproba entrarán en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

REGULAMENTO REGULADOR DAS ESCOLAS PARTICULARES DE CONDUCTORES

CAPÍTULO I

Actividades das escolas particulares de conductores

Artigo 1. *Actividades.*

1. Como centros docentes, as escolas particulares de conductores están facultadas para impartir, de forma

profesional, o ensino dos coñecementos, habilidades, aptitudes ou comportamentos esenciais para a seguridade da circulación, ós aspirantes á obtención dalgún dos permisos ou licencias de condución previstos nos capítulos II e III do título I do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.

2. As escolas particulares de conductores, ademais, poderán realizar outras actividades docentes, sempre que cumpran cos requisitos esixidos na normativa específica que, se é o caso, as regule.

3. Así mesmo, poderán impartir-las cursos de reciclaxe e sensibilización, así como os cursos en que consistan as medidas reeducadoras, previstos nos artigos 67 e 72 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, modificada pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, de acordo coas normas que se dicten no seu desenvolvemento.

4. Coa previa autorización dos alumnos e información a estes do custo asociado a este servizo, poderán xestionar nos centros oficiais, no nome deles, o despacho de cantos documentos lles interesen a aqueles e estean directamente relacionados coa obtención do permiso ou licenza de condución ou con cursos de especialización, reciclaxe ou sensibilización.

Artigo 2. *Principio de unidade.*

1. Cada escola particular de conductores, dispoña ou non de seccións, constitúe unha unidade formada polos elementos persoais e materiais que se detallan no capítulo II.

2. Enténdese por sección toda sucursal autorizada da escola matriz en distinta localización e coa mesma titularidade e denominación. Tódalas seccións de que dispoña a escola deberán estar situadas na mesma provincia.

CAPÍTULO II

Elementos das escolas particulares de conductores

Artigo 3. *Elementos.*

1. Toda escola deberá dispor dos elementos persoais e materiais necesarios para poder desenvolver-las súas funcións.

2. Os elementos persoais son o titular, o persoal directivo e docente e o persoal administrativo e outros. Os materiais están constituídos polos locais, os terreos ou zonas de prácticas, os vehículos, o material didáctico e calquera outro material utilizado no ensino.

3. De acordo co principio de unidade establecido no artigo 2, tódolos elementos citados no número anterior pertencen á escola. Non obstante, os locais, as zonas de prácticas e o material didáctico serán propios e específicos de cada unha das seccións que compoñen a escola, e constitúen os elementos diferenciais á hora de determina-lo alcance da súa autorización. Todo iso, sen prexuízo do establecido nos artigos 14, 17, 24 e 33 con respecto ós terreos ou zonas de prácticas, vehículos e persoal docente.

SECCIÓN 1.^a ELEMENTOS PERSOAIS

Artigo 4. *Titular.*

1. É titular dunha escola quen figure inscrito como tal no Rexistro de centros de formación de conductores a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, existente no organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. Pode ser titular dunha escola calquera persoa natural ou xurídica, inscrita no Rexistro Mercantil, que obtivese autorizacións de apertura e funcionamento daquela. Tamén o poden ser, provisionalmente, as comunidades hereditarias mentres se produce a adxudicación da herdanza.

3. O titular é responsable de que a escola, e se é o caso as súas seccións, reúnan, en todo momento, os elementos persoais e materiais mínimos esixidos para a súa apertura e funcionamento e do cumprimento das normas que regulan as escolas particulares de conductores, en canto lle afecten.

Artigo 5. *Obrigas do titular.*

Son obrigas do titular da escola:

a) Controlar e comprobar, de forma constante, que o centro e, se é o caso, as súas seccións contén, en todo momento, cos elementos persoais e materiais regulamentarios mínimos, e estará obrigado a dar conta á Xefatura Provincial de Tráfico das incidencias que se produzan en relación con aqueles.

b) Dar conta á Xefatura Provincial de Tráfico de calquera alteración ou modificación dos datos que serviron de base para as autorizacións de apertura e funcionamento.

c) Estar presente, cando sexa requirido para iso con antelación suficiente, nas inspeccións e colaborar na súa realización cos funcionarios do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico que as practiquen.

Artigo 6. *Persoal directivo.*

1. O persoal directivo é o encargado de planificar, programar, ordenar, dirixir e controlar de forma asidua e continuada o ensino e o desenvolvemento da actividade docente do centro.

2. Para exercer funcións directivas nunha escola ou sección cómpre:

a) Ter obtido o correspondente certificado de aptitude de director de escolas particulares de conductores.

b) Dispor de autorización de exercicio como director.

Artigo 7. *Obrigas do persoal directivo.*

Son obrigas do persoal directivo:

a) Planificar e programa-las contidos temporizados e mailos sistemas de avaliación e, se é o caso, de recuperación, e dirixir, ordenar, controlar e comprobar, de forma asidua e continuada, o desenvolvemento da actividade docente e a observancia dos preceptos deste regulamento no que atinxe ó réxime de ensino e actuación do persoal docente, responsabilizándose do seu cumprimento e de que o ensino se imparta en forma eficaz, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer directamente o devandito persoal.

b) Estar presente, cando sexa requirido para iso con suficiente antelación, nas inspeccións da escola ou sección que dirixa e colaborar na súa realización cos funcionarios do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico que as practiquen.

c) Estar presente na zona onde se desenvolvan as probas de aptitude dos alumnos da escola ou sección en que preste os seus servizos cando, por existir causa xustificada, sexa requirido para iso coa suficiente antelación.

d) Levar consigo, cando exerza as súas funcións ou presencie o desenvolvemento das probas, a autorización

de exercicio e o distintivo que o identifique e exhibir tales documentos sempre que algún funcionario da Xefatura Provincial de Tráfico ou os axentes de vixilancia do tráfico no exercicio das súas funcións os requira.

Artigo 8. *Persoal docente.*

1. O persoal docente está constituído polos profesores dedicados a impartir-lo ensino dos coñecementos e as técnicas da conducción teóricos e prácticos necesarios para a formación e adestramento dos aspirantes á obtención dun permiso ou licenza de conducción.

2. Para exercer funcións docentes como profesor nunha escola ou sección cómpre:

a) Estar en posesión do certificado de aptitude de profesor de formación vial ou de profesor de escolas particulares de conductores.

b) Dispor de autorización de exercicio como profesor.

Artigo 9. *Obrigas dos profesores.*

Son obrigas dos profesores:

a) Impartir eficazmente o ensino dentro do ámbito da súa autorización e de acordo coas normas e os programas establecidos e as disposicións que se dicten para o seu desenvolvemento, estimándose que pode ser indicio suficiente para apreciar que o ensino non se impartiu de maneira eficaz cando, de forma reiterada, a porcentaxe dos alumnos declarados aptos ós que impartiu ensino sexa inferior nun 20 por cento á media provincial, computada anualmente, tendo en conta, se é o caso, a existencia de circunstancias relevantes que puidesen influír nos resultados.

b) Atender de forma continuada o ensino práctico sen abandonar, se é o caso, os dobres mandos do vehículo. Cando o ensino das manobras se realice en circuíto pechado á circulación a que se refire o artigo 14, se as circunstancias o permiten, non existe perigo e os alumnos están xa en condicións adecuadas para iso, poderá, sen desatende-lo ensino, abandonar os dobres mandos. Non poderá seguir simultaneamente as evolucións de varios vehículos.

c) Acompañar durante as probas prácticas, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas e autorizadas pola Xefatura Provincial de Tráfico, en que poderá ser substituído polo director, se está en posesión do certificado que o autorice a exercer como profesor ou por outro profesor en que o director delegue, responsabilizándose na de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico do dobre mando do vehículo e da seguridade da circulación, os alumnos a que lles impartise ensino práctico na escola ou sección en que figure dado de alta, e colaborar cos funcionarios da Xefatura Provincial de Tráfico no que afecte á realización das probas de aptitude.

d) Estar presente, cando por ser necesario sexa requirido para iso con antelación suficiente, nas inspeccións da escola ou sección en que figure dado de alta e colaborar na súa realización cos funcionarios do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico que as practiquen.

e) Levar consigo, cando imparta ensino, presencie o desenvolvemento das probas ou acompañe os alumnos durante o exame, a autorización de exercicio e o distintivo que o identifique e exhibirlos devanditos documentos sempre que algún funcionario da Xefatura Provincial de Tráfico ou os axentes de vixilancia de tráfico no exercicio das súas funcións os requira.

Artigo 10. *Persoal administrativo e outros.*

1. O persoal administrativo e outros dependentes da escola poderán comparecer ante a Xefatura Provincial

de Tráfico coa finalidade de xestionar os asuntos de mero trámite relacionados coa actividade da escola ou sección e recibir os permisos ou licencias, cualificacións ou outras autorizacións, unha vez expedidos, coa previa autorización, se é o caso, dos alumnos, para o cal necesitarán estar provistos do documento que os acredite como tales.

2. O documento a que se refire o número anterior será expedido polo titular do centro, o cal se responsabilizará da súa actuación, estará visado pola Xefatura Provincial de Tráfico e deberá exhibirse sempre que algún funcionario do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico no exercicio das súas funcións o requira. Idéntico documento será expedido polo presidente das asociacións de escolas particulares de conductores ó persoal administrativo e outro persoal adscrito a elas.

3. O persoal administrativo e outro persoal están obrigados a colaborar na realización das inspeccións da escola ou sección cos funcionarios que as practiquen.

SECCIÓN 2.^a ELEMENTOS PERSOAIS MÍNIMOS

Artigo 11. *Elementos persoais mínimos.*

1. Toda escola deberá dispor de:

- a) Un titular debidamente autorizado.
- b) Un director en posesión do correspondente certificado de aptitude de director de escolas de conductores, debidamente autorizado para exercer como tal.
- c) Dous profesores, en posesión do correspondente certificado de aptitude de profesor de formación vial ou de profesor de escolas particulares de conductores, debidamente autorizados para exercer como tales por cada unha das seccións que conforman a escola.

Todo iso sen prexuízo de que unha mesma persoa poida estar autorizada para o exercicio de máis dunha función na mesma escola.

2. Constitúen excepción ó disposto no punto 1.b) e c) anterior as escolas unipersoais, reguladas no artigo 30.

3. Constitúen excepción ó disposto no punto 1.b) as escolas de só dous profesores en que cando menos un deles figure como titular ou forme parte da persoa xurídica que o sexa. Neste último caso, calquera dos dous profesores poderá ser habilitado para exercer funcións directivas sempre que, reunindo o requisito de antigüidade a que se refire o artigo 53.1, estea autorizado para exercer como profesor na escola e solicite e obteña a necesaria autorización da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, que o fará constar na súa autorización de exercicio como profesor, momento a partir do cal tamén lle afectarán as obrigas e responsabilidades que corresponden ás mencionadas funcións.

Artigo 12. *Prohibicións.*

Mentres estean en activo, o persoal ó servizo do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, o persoal da Garda Civil, os membros das policía locais e o persoal docente das escolas oficiais de conductores non poderán prestar servizo de ningún tipo nas escolas particulares de conductores ou nas súas seccións, ser titulares destas, nin formar parte da entidade ou persoa xurídica ó nome da cal figuren as autorizacións de apertura e funcionamento.

A prohibición a que se refire o parágrafo anterior afecta tamén o persoal en activo ó servizo dos órganos das comunidades autónomas que, se é o caso, exerzan funcións en materia de tráfico.

SECCIÓN 3.^a ELEMENTOS MATERIAIS MÍNIMOSArtigo 13. *Locais.*

Os locais de toda escola ou sección deberán te-las seguintes dependencias mínimas:

- Unha aula de, polo menos, 20 metros cadrados. As que impartan ensino para a formación de aspirantes á obtención de permiso das clases C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E deberán dispor dunha aula de, polo menos, 30 metros cadrados para facilita-la adecuada colocación do material didáctico.
- Unha zona de recepción e información.
- Un despacho para o director.
- Os elementos sanitarios esixidos pola normativa sectorial correspondente.

Artigo 14. *Terreos.*

1. Toda escola ou sección autorizada para impartir ensino para a obtención de licencia ou permiso das clases A1, A, B, B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E deberá acredita-la facultade de utilizar un terreo que permita realiza-las prácticas de manobras ou destreza en circuíto pechado, con carácter exclusivo ou de forma compartida; neste último caso, sempre que o número e a distancia entre elas non dificulte o ensino ou menoscabe a súa calidade.

2. A escola ou sección autorizada para impartir ensino soamente para a obtención de licencia ou permiso das clases A1, A ou B, de non contar cos terreos a que se refire o número anterior, deberá dispor de autorización do municipio en que radique ou, se se acreditase a imposibilidade de obtela, doutro municipio da provincia, que lle permita realiza-las prácticas de manobras ou destreza en zonas urbanas que reúnan condicións idóneas para o seu ensino.

Os terreos deberán contar coas instalacións adecuadas, estar debidamente acondicionados para a realización simultánea das manobras e reuni-las características necesarias para que, se a aprendizaxe se realiza simultaneamente por varios alumnos, non se orixine perigo entre eles. As súas dimensións serán, polo menos, as necesarias para propor simultaneamente tódalas manobras establecidas no artigo 52 do Regulamento xeral de conductores para que os alumnos as poidan realizar sucesivamente e sen solución de continuidade.

Artigo 15. *Vehículos.*

Toda escola ou sección deberá dispor, en propiedade ou por outro título, de polo menos un vehículo da categoría adecuada a cada clase de permiso ou licencia de conducción para o ensino da cal estea autorizada, con excepción da licencia para ciclomotores. Non obstante, a escola ou sección que imparta o ensino para a obtención de permiso da clase B, con excepción das unipersoais, deberá dispor de dous turismos cando menos.

En ningún caso poderá ter un número de vehículos inferior ó do persoal docente de que dispoña o centro, excluídos os profesores a que se refire o artigo 52.2.c).

Artigo 16. *Requisitos dos vehículos.*

Os vehículos de toda escola deberán:

- Estar a nome do titular da escola.
- Figurar dados de alta na escola, constando así no Rexistro de centros de formación de conductores.
- Axustarse ás condicións xerais que se establecen no Regulamento xeral de vehículos.
- Os destinados ás prácticas correspondentes á proba de control de aptitudes e comportamentos en vías

abertas ó tráfico xeral, excepto as motocicletas, estarán dotados de dóbres mandos de freo, acelerador e, se é o caso, embrague eficaces.

e) Reuni-los requisitos esixidos nos artigos 63 e 64 do Regulamento xeral de conductores para a realización das probas de aptitude, de estaren destinados a estas.

f) Estar sinalizados na parte dianteira e traseira cunha placa reflectante de 20 centímetros de largo por 30 de alto, na que, pola súa parte superior e sobre un fondo azul de 20 centímetros, se destacará a letra «L» en cor branca de 13 centímetros de alto e cun trazo de 2,5 centímetros de grosor. Debaixo deste recadro azul destacarase sobre fondo branco a palabra «PRÁCTICAS» con letras de cor vermella de cinco centímetros de alto e trazo de medio centímetro de grosor; na parte inferior levará troquelados, á esquerda, as siglas da provincia e o número de inscrición da escola no Rexistro de centros de ensino; no centro, a matrícula do vehículo, e á dereita, o selo en seco da Xefatura Provincial de Tráfico.

As placas a que se refire o parágrafo anterior poderán ser substituídas por unha soa, sempre que o anverso e o reverso cumpran as mesmas características e que pola súa colocación sexa perfectamente visible cara a adiante e cara atrás. As motocicletas estarán sinalizadas cunha soa placa na parte posterior de 11,5 centímetros de largo por 15,5 de alto.

As placas só serán visibles cando o vehículo circule en función do ensino da conducción ou das probas de aptitude.

g) Os turismos deberán levar na súa parte superior un cartel en que figure a denominación completa da escola a que están adscritos e, se é o caso, o logotipo correspondente, sen que naquel figure ou se mencione ningunha outra actividade. As dimensións mínimas deste cartel serán de 0,70 metros de lonxitude por 0,20 metros de altura, e deberá ser colocado en forma vertical ou lixeiramente inclinado e estar suxeito de maneira eficaz ó vehículo para evita-la súa caída.

O cartel, que deberá ser visible en todo momento, poderá ser substituído ou complementado por inscricións, de análogas dimensións ás citadas no parágrafo anterior, colocadas en ámbolos laterais dianteiros do vehículo, nas que unicamente figuren os datos antes mencionados.

A cor, o tamaño e a forma das letras do cartel e das inscricións deberán permitir identificar con claridade a denominación da escola a que está adscrito o vehículo.

Nos camións, autobuses, remolques e semirremolques, o cartel será substituído por inscricións sobre a parte posterior e ámbolos laterais do vehículo nas que figuren os datos que se indican no parágrafo anterior.

h) Os camións, os autobuses e os tractocamións deberán estar dotados de tacógrafo en correcto estado de funcionamento e en condicións de ser utilizado tanto no ensino coma nas probas de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral.

Artigo 17. *Agrupacións para a utilización compartida de vehículos.*

1. Os vehículos necesarios para a aprendizaxe da conducción de permiso das clases B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E poderán figurar dados de alta en máis dunha escola da mesma titularidade, sempre que o número de seccións ou a distancia entre elas non dificulte o ensino ou menoscabe a súa calidade.

2. Os vehículos a que se refire o número anterior poderán non estar a nome do titular da escola sempre que estean adscritos a unha agrupación ou sociedade formada polos titulares das escolas agrupadas ou asociadas, sempre que o número das escolas agrupadas

ou asociadas e a distancia entre elas non dificulte o ensino ou menoscabe a súa calidade.

3. A agrupación para a utilización compartida dos vehículos a que se refire o número anterior deberá constar e acreditarse documentalmentemente ante a Xefatura Provincial de Tráfico. A súa denominación non poderá coincidir nin prestarse a confusión coa doutra agrupación ou sociedade constituída ou escola autorizada na mesma ou nas mesmas provincias.

4. Os vehículos utilizados de forma compartida por unha agrupación ou sociedade de escolas poderán ir identificados en ámbolos laterais e na súa parte posterior coa denominación de tódalas escolas agrupadas ou a da agrupación ou sociedade.

Artigo 18. *Vehículos achegados polos interesados.*

Os coches de minúsculo, os vehículos adaptados ás deficiencias da persoa que os vaia conducir e os tractores agrícolas necesarios para obter licenza para a conducción de tractores e maquinaria agrícola automotriz poderán:

a) Estar dados de alta na escola, aínda que non se computarán para determinar os elementos materiais mínimos de que debe dispor, a non ser que, polas súas características, poidan ser utilizados no ensino xeral.

b) Ser achegados polos propios alumnos. Neste caso, a placa de identificación do vehículo prevista no artigo 16.f) non precisará levar troquelada ningunha inscrición e o fondo do recadro sobre o que vai inscrita a letra «L» será de cor vermella.

Artigo 19. *Prohibicións.*

Os vehículos dados de alta nunha escola ou sección non se poderán dedicar a ningunha outra actividade lucrativa nin levar outras placas, carteis, información ou inscricións que as establecidas nos artigos 16 e 17, excepto o nome da marca franquiciada e o anagrama da asociación provincial ou nacional a que pertenza o titular da escola e, se é o caso, outras marcas ou distintivos asociados a ela expresamente autorizados pola Xefatura Provincial de Tráfico que, se é o caso, deberán ir situados en lugar distinto ó destinado ó cartel e inscricións e inscritos nun rectángulo dunhas dimensións que non poderán exceder das fixadas como mínimas para o devandito cartel.

Artigo 20. *Material didáctico.*

1. A teor do establecido no artigo 3.3, o material didáctico de cada unha das seccións que conforman a escola estará en función do alcance da súa autorización.

2. Toda escola ou sección deberá ter o material didáctico mínimo constituído por:

a) Películas ou outros medios audiovisuais, diapositivas, transparencias, láminas murais, paneis, elementos informáticos de apoio ó ensino ou outros elementos, proxectables ou non, que sexan adecuados para o ensino:

1.º Dos sinais verticais de circulación e dos sinais, distintivos, etiquetas e outros elementos de sinalización ou identificación dos vehículos ou da actividade a que están destinados.

2.º Dos sinais dos axentes de circulación, os do persoal de obras e outros, os de balizamento e as marcas viais.

3.º Das normas e sinais reguladores da circulación e da técnica de conducción.

4.º Dos dispositivos de iluminación e sinalización óptica dos vehículos en xeral, así como dos dos vehículos prioritarios.

5.º Das diversas clases de semáforos e as súas luces.

6.º Da mecánica, a conservación e o mantemento simple dos vehículos, detección de avarías e defectos máis correntes que poden afectar os grupos funcionais do vehículo.

b) Equipamento, aparello ou aparellos necesarios para a utilización e proxección, se é o caso, do material que se indica na alínea a) anterior.

c) Dispositivos ou elementos que permitan representar e ensinarlle ó alumno os diferentes supostos que poidan presentarse na circulación, tales como unha maqueta mural magnética, mesa de circulación, encerrado magnético e os diferentes tipos de vehículos imantados con que poidan simular distintas situacións de circulación.

d) Unha roda cos seus elementos correspondentes, así como as ferramentas necesarias para o seu cambio, un profundímetro e unhas cadeas para neve.

e) Un manequín de reanimación cardiopulmonar básica para adultos que permita a subluxación mandibular, a ventilación boca a boca e boca a nariz, a masaxe cardíaca externa e a valoración do pulso carotídeo, co seu correspondente sistema de rexistro das técnicas elementais, todo iso nas debidas condicións de funcionamento e hixiene, ou, no seu defecto, o material gráfico ou audiovisual de primeiros auxilios que permita a explicación de, cando menos, os seguintes contidos:

1.º Anatomía elemental do aparello cardiorrespiratorio humano.

2.º Técnicas de apertura de vías aéreas.

3.º Técnicas de resucitación cardiopulmonar.

4.º Técnicas de control de hemorraxias externas.

5.º Posición lateral estable de feridos.

6.º Inmobilización de fracturas.

f) Unha colección actualizada da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

3. A escola ou sección que imparta ensino para a obtención de permiso das clases C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E deberá ter, ademais:

a) Películas ou outros medios audiovisuais sobre mecánica e mantemento simple do automóbil e o aparello ou aparellos proxectores necesarios.

b) Un motor de combustión seccionado, no que se distingan os seus elementos principais, ou construído con material transparente, e os seguintes órganos fundamentais dos vehículos pesados: o mecanismo completo dun embrague de fricción monodisco, unha caixa de velocidades con cambio manual completa, unha engrenaxe de dirección, un mecanismo cónico-diferencial, un dispositivo, láminas ou outros medios audiovisuais que reproduzan un conxunto do freo pneumático e un equipo de inxección de carburante (bomba inxectora, tubos e inxectores) que permitan a súa clara comprensión.

c) Un dispositivo, láminas ou outros medios audiovisuais que reproduzan os circuitos eléctricos do automóbil de carga, posta en marcha, desconectador de batería, luces principais e fusibles cos seus elementos esenciais e os sistemas de conexión deste último circuito cos correspondentes a un remolque ou semirremolque.

d) Un dispositivo ou panel, láminas ou outros medios audiovisuais en que se reproduzan os circuitos do freo pneumático e os sistemas de conexión dos devanditos circuitos cos correspondentes a un remolque ou semirremolque, no caso de que a escola estea autorizada para o ensino correspondente ó permiso complementario da clase E.

e) Unha colección de láminas murais, transparencias ou medios audiovisuais en que se poida apreciar claramente:

- 1.º O sistema de suspensión pneumático.
- 2.º A temonería do sistema de dirección.
- 3.º O mecanismo de asistencia do sistema de dirección.
- 4.º O sistema de lubricación con manómetro e as especificacións do aceite.
- 5.º O sistema de refrixeración.
- 6.º A nomenclatura de tódalas características dos pneumáticos.
- 7.º O turbocompresor e o «intercooler».
- 8.º O convertedor de paro embrague automático (hidráulico).
- 9.º Un ralentizador hidrodinámico e outro eléctrico.
- 10.º Un dispositivo limitador de velocidade.
- 11.º Unha quinta roda completa.
- 12.º Os símbolos convencionais que aparecen no taboleiro de instrumentos dos vehículos pesados.

f) Un tacógrafo de dous conductores en condicións de funcionamento cos seus correspondentes discos diágrama.

g) Unha colección de láminas murais, transparencias ou outros elementos, proxectables ou non, que sexan adecuados para o ensino dos tempos de condución e descanso.

4. A escola ou sección autorizada para impartir ensino para a obtención de permiso da clase A deberá dispor dun sistema de comunicación mans libres que lle permita ó profesor durante a aprendizaxe da condución e circulación, e ó funcionario examinador durante a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral, transmitir eficazmente, desde un vehículo turismo ou, se é o caso, para as prácticas de circulación, unha motocicleta que circule detrás da conducida polo aspirante, as instrucións necesarias, e a aquel comunicarlle ó profesor ou examinador a súa recepción. O turismo ou a motocicleta de seguimento deberán figurar dados de alta no centro onde o aspirante recibiu ensino.

5. A escola ou sección que imparta ensino para a obtención de permiso que habilite para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento xeral de conductores deberá te-lo material didáctico que se indica no número 2 e no número 3.a) deste artigo.

CAPÍTULO III

Autorizacións administrativas

SECCIÓN 1.ª NORMAS XERAIS

Artigo 21. *Necesidade de obter autorización administrativa previa.*

1. Toda escola ou sección, para impartir ensino dos coñecementos e das técnicas da condución para a obtención de permiso ou licenza de condución, calquera que sexa a súa clase, necesitará de autorizacións administrativas previas de apertura e funcionamento para desenvolver a súa actividade.

2. Igualmente, o persoal directivo e docente de toda escola ou sección necesitará de autorización administrativa previa para exercer as súas funcións.

3. As autorizacións a que se refiren os números 1 e 2 serán expedidas pola Xefatura Provincial de Tráfico no territorio da cal radique a escola ou sección.

SECCIÓN 2.ª AUTORIZACIÓNS DE APERTURA E FUNCIONAMENTO

Artigo 22. *Solicitud de autorización de apertura e documentación que debe presentarse con aquela.*

1. A autorización de apertura de toda escola ou sección deberá solicitarse da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, utilizando para iso a solicitude que, para tales efectos, proporcionará o citado organismo.

A devandita solicitude, subscrita polo titular ou o seu representante legal e na que se indicarán a denominación do centro e os seus elementos persoais e materiais, a situación dos locais e terreos ou zonas de prácticas e as clases de permiso e licenza para o ensino das cales se solicita autorización, irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Copia ou fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou, se é o caso, dos documentos que acrediten a constitución da sociedade, da persoa natural ou xurídica titular do centro, en unión dos orixinais, que serán devoltos unha vez cotexados.

b) Autorización municipal para exercer a actividade nos locais onde pretenda instalarse, expedida a favor da persoa natural ou xurídica titular da escola.

c) No caso de dispor de terreos destinados a clases prácticas en circuíto pechado, documento que o acredite e autorización municipal para impartir as devanditas clases neles.

De non dispor de terreos, deberá achegar autorización municipal para realizar as devanditas prácticas en zonas que reúnan as condicións idóneas para o ensino da condución.

d) Relación do persoal directivo e docente de que disporá o centro con especificación do alcance da súa autorización de exercicio.

e) Relación dos vehículos de que vai dispo-lo centro, especificando as súas características e condicións de utilización, como ensino xeral, específico ou acompañamento.

f) Plano dos locais a escala mínima 1:50, no que conste a distribución, a forma e a superficie das distintas dependencias, así como plano de situación daqueles, e plano dos terreos a escala mínima 1:200.

g) Relación do material didáctico.

h) Declaración por escrito de que o solicitante, ou, se é persoa xurídica, ningún dos seus asociados, non está incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 12.

i) Declaración por escrito do persoal directivo e docente de non acharse incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 12.

2. Dentro dun prazo de 10 días, seguintes á data de recepción da solicitude, a Xefatura Provincial de Tráfico deberá advertir-lo solicitante de se a denominación da escola coincide ou se presta a confusión coa doutra xa autorizada pola mesma xefatura.

3. A Xefatura Provincial de Tráfico, logo de examinala solicitude e a documentación achegada, emendar, se é o caso, as deficiencias observadas, e de comprobar que á solicitude se achegaron tódolos documentos que se indican no punto 1 e maila veracidade do contido da documentación, dictará resolución concedendo ou denegando a autorización de apertura solicitada.

4. Non se lle poderá conceder autorización de apertura a ningún titular se a denominación da escola coincide ou se presta a confusión coa doutra xa autorizada pola mesma xefatura. As seccións levarán a mesma denominación que a escola matriz.

5. A autorización de apertura terá un prazo de validez de 90 días naturais, contado desde o seguinte ó da súa recepción polo titular, e non faculta para realizar ningunha actividade relacionada co centro de ensino ata que se obteña a autorización de funcionamento.

Artigo 23. *Autorización de funcionamento.*

1. A autorización de funcionamento quedará condicionada, en todo caso, a que se adscriban efectivamente á escola ou sección os elementos persoais, os vehículos e o material didáctico mínimo coas características que se relacionaron na solicitude. Para estes efectos, a Xefatura Provincial de Tráfico realizará unha visita de inspección previa, que deberá solicita-lo interesado dentro do prazo indicado no artigo 22.5. De non o facer no citado prazo, entenderase caducada a autorización de apertura.

2. A expedición da autorización de funcionamento determinará a inscrición da escola ou sección no Rexistro de centros de formación de condutores a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e o outorgamento dun número de rexistro provincial que estará formado por dous grupos de caracteres constituídos polo contrasinal da provincia e un número provincial correlativo. As seccións levarán o mesmo número de rexistro que a escola matriz, engadíndolle ó devandito número o que corresponda a cada sección.

3. Na autorización de funcionamento farase constar a denominación da escola, o seu domicilio ou, se é o caso, o da sección autorizada e o seu número de inscrición no rexistro. Así mesmo, farase constar-lo titular, o director e os profesores da escola co alcance de autorización de exercicio destes últimos. Ademais, faranse constar as clases de permiso para o ensino das cales esta autorizada a sección. Unha copia da citada autorización deberá estar exposta ó público na recepción da sección e nun lugar facilmente accesible e visible. Será substituída, logo de que o titular a entregue na Xefatura Provincial de Tráfico, cando se produza algunha modificación que afecte os datos que constan nela, no prazo establecido no artigo 26.1.

4. Coa autorización de funcionamento seralle entregada ó titular da escola ou sección, que previamente a terá facilitado á Xefatura Provincial de Tráfico, unha placa cadrada de 48 centímetros de lado na que figurarán os seguintes datos: na parte superior esquerda, e sobre un fondo azul de 30 centímetros de alto por 20 centímetros de largo, a letra «L» en cor branca; na parte superior dereita, a denominación da escola e o número de inscrición no rexistro e o selo en seco da Xefatura Provincial de Tráfico. Esta placa estará situada nun lugar visible desde o exterior e será substituída, logo da súa entrega polo titular da escola ou sección na devandita xefatura, cando se produza algunha modificación que afecte os datos que constan naquela. Unha placa de similares características colocarse no acceso ás zonas de manobras, se é o caso.

Artigo 24. *Alcance da autorización de funcionamento.*

1. A autorización de funcionamento permítelle á escola ou sección desenvolver-la súa actividade na preparación dos alumnos que aspiren á obtención de permiso ou licenza de conducción das clases para o ensino das cales esta autorizada e dispoña dos elementos persoais e materiais mínimos esixidos.

2. As clases teóricas unicamente se poderán impartir nos locais autorizados da escola ou sección e as prácticas de manobras ou destreza en circuíto pechado, unicamente nos terreos ou zonas autorizadas para o efecto.

Para as clases prácticas de conducción e circulación en vías abertas ó tráfico xeral, poderase utilizar calquera vía urbana ou interurbana en que non estea expresamente prohibido.

3. Para efectos do disposto no número anterior, os concellos designarán, e comunicarán á respectiva Xefatura Provincial de Tráfico, os lugares adecuados en que, dentro dos seus respectivos núcleos urbanos, se poderán efectuar, en ou entre horas fixas tamén adecuadas, as prácticas de conducción e circulación, entendéndose que poden realizarse en calquera vía do núcleo urbano se aquela designación non chega a efectuarse.

4. Os profesores e os vehículos, unha vez dados de alta na escola ou sección, poderán ser comúns para tódalas seccións da mesma escola, sempre que, tanto na escola como en cada sección, se manteñan os elementos persoais e materiais mínimos esixidos, sen prexuízo do establecido no artigo 17.

5. A autorización permite presentar os alumnos a realizar as probas de aptitude no centro de exames que, atendidas as circunstancias concorrentes, determine a Xefatura Provincial de Tráfico dentro dos existentes na provincia onde radique a escola ou sección.

Artigo 25. *Autorización específica para impartir cursos para a obtención da licenza que autoriza a conducir ciclomotores.*

Para impartir cursos que substitúan a proba de control de coñecementos a que se refire o número 4 do artigo 51 do Regulamento xeral de condutores, para obter licenza que autoriza a conducir ciclomotores, precisarase en todo caso unha autorización específica, outorgada pola Xefatura Provincial de Tráfico. Coa solicitude deberase presentar-lo correspondente programa, con indicación do sistema de avaliación e as probas que se vaian realizar, expresando para cada curso o calendario, o horario e a relación dos alumnos inscritos e do persoal docente.

Artigo 26. *Modificación das autorizacións.*

1. O titular da escola deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico, utilizando para iso a solicitude que para tales efectos proporcionará o devandito organismo, no prazo de 10 días hábiles, contado desde a data en que o cambio se produciu, que se modifiquen as autorizacións de apertura e funcionamento.

2. Procederá a solicitude de modificación da autorización de apertura polas seguintes causas:

- a) Cambio de denominación da escola.
- b) Modificación, ampliación ou cambio de locais.
- c) Alta, baixa, modificación e ampliación ou cambio

dos terreos ou zonas onde se realicen as prácticas de ensino.

3. Procederá a solicitude de modificación da autorización de funcionamento polas seguintes causas:

- a) Alta ou baixa do persoal directivo docente ou calquera modificación que afecte as autorizacións de exercicio do devandito persoal.
- b) Alta, baixa ou reforma dos vehículos.
- c) Calquera outra variación dos datos que figuran na autorización.

4. Á solicitude xuntárselle copia ou fotocopia dos documentos xustificativos que en cada caso procedan, acompañados dos orixinais, que serán devoltos unha vez cotexados.

Nos supostos a que se refiren as alíneas b) e c) do número 2 e a alínea b) do número 3, a Xefatura Provincial de Tráfico realizará unha visita de inspección previa, que deberá ser anunciada ó titular con antelación suficiente.

5. Cando a modificación afecte elementos persoais ou vehículos, o titular deberá entregar na Xefatura Provincial de Tráfico a correspondente autorización de exercicio e os distintivos do persoal directivo ou docente afectado e as placas dos vehículos a que se refire o artigo 16, para o seu arquivo ou destrución, segundo os casos.

Cando a modificación afecte os vehículos, a Xefatura Provincial de Tráfico poderá ordena-la precintaxe dos vehículos dados de baixa ata a súa transferencia ou cambio de destino ou resolución do arrendamento.

6. O incumprimento por parte do titular da obriga de comunica-las modificacións habidas, sen prexuízo das medidas sancionadoras que procedan, poderá ser suplida de oficio, con expediente previo, pola Xefatura Provincial de Tráfico correspondente.

Artigo 27. *Suspensión voluntaria da autorización.*

A autorización de funcionamento, a pedimento do seu titular, poderá quedar en suspenso durante un mes logo de comunicación feita polo seu titular á Xefatura Provincial de Tráfico con anterioridade ó inicio da suspensión. Esta suspensión poderá ser prorrogada por períodos sucesivos dun mes ata un ano como máximo.

Durante o tempo que dure a suspensión, o titular deberá entregar, en calidade de depósito, as placas de identificación dos vehículos na Xefatura Provincial de Tráfico, a cal poderá ordena-la súa precintaxe, salvo nos supostos de agrupacións de escolas para a utilización compartida de vehículos a que se refire o artigo 17.

Artigo 28. *Extinción.*

1. As autorizacións de apertura e funcionamento teñen carácter persoal e extingúense por disolución da sociedade, morte, renuncia expresa do seu titular ou transmisión da empresa. Extinguidas as autorizacións, a escola ou cada sección precisará de nova autorización de apertura para que posteriormente lle poida ser outorgada a autorización de funcionamento. Nas transmisións mortis causa admitirase unha titularidade provisional a favor da comunidade de herdeiros, sempre que a persoa que a represente o solicite no prazo de 90 días naturais, contados desde a morte do causante, e durará ata o momento en que se produza a adxudicación da herdanza, o que se deberá xustificar documentalmente na Xefatura Provincial de Tráfico.

Nas transmisións por actos inter vivos, a Xefatura Provincial de Tráfico poderá expedir, por un período de seis meses prorrogables ata un máximo doutros tres meses, unha autorización provisional a favor do adquirente sempre que o solicite no prazo de 10 días hábiles, contados desde a data en que se produciu a transmisión, e acredite a imposibilidade de presentar coa solicitude a documentación requirida sobre locais ou terreos.

A disolución da sociedade, a renuncia do titular, a transmisión da empresa e a baixa ou o cesamento definitivo de actividades da escola ou sección deberán ser comunicados por escrito á Xefatura Provincial de Tráfico polo titular ou o seu representante legal no prazo de 10 días, contado a partir da data en que o feito se produciu.

2. Tamén se extingue por cesamento do funcionamento da escola ou das súas seccións por tempo superior a un ano.

3. Será de aplicación ós supostos de extinción da autorización o disposto no artigo 26.5 e 6.

Artigo 29. *Presentación de alumnos á realización das probas en distinta provincia.*

Excepcionalmente, o titular poderá solicitar da Dirección Xeral de Tráfico autorización para presenta-los alum-

nos a realiza-las probas de aptitude nun centro de exames a cargo dunha Xefatura Provincial de Tráfico distinta daquela no territorio da cal radica a escola, acreditando as dificultades de transporte ou circunstancias que o aconsellen.

A Dirección Xeral de Tráfico, logo de instrución do correspondente expediente, adoptará a resolución que proceda tendo en conta, ademais, especialmente os elementos persoais de que dispoña a Xefatura Provincial de Tráfico de que dependa o centro en que se pretenden realiza-las probas para absorbe-lo incremento destas que o cambio supoña.

A autorización que, se é o caso, se outorgue terá unha validez dun ano e poderá ser prorrogada por períodos iguais se se acredita que persisten as razóns que motivaron a súa concesión e se solicita a prórroga polo menos dous meses antes da data de caducidade daquela.

Artigo 30. *Escolas unipersoais.*

Naqueles municipios en que non exista ningunha escola en funcionamento, poderanse autorizar escolas de carácter unipersoal, sempre que se acredite que se dispón do material didáctico mínimo, dos terreos ou zonas autorizadas para realiza-las clases prácticas de destreza e manobra e autorización municipal para exercer-la actividade nun local que reúna as condicións establecidas no artigo 13.

A escola unipersoal non poderá ter ningunha sección. A autorización de apertura e funcionamento non resultará afectada polo feito de que, con posterioridade ó seu outorgamento, no termo municipal en que radique se autorice a apertura e funcionamento dalgunha escola de dous ou máis profesores.

SECCIÓN 3.^a AUTORIZACIÓNS DE EXERCICIO DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE

Artigo 31. *Solicitude da autorización e documentos que deben presentarse con aquela.*

A autorización de exercicio do persoal directivo e docente deberá solicitarse da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente.

Á solicitude, subscrita polo titular da escola ou o seu representante legal, xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Copia ou fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou, no caso de estranxeiros, do documento que acredite a súa residencia en España.

b) Declaración por escrito do director ou do profesor de non estar cumprindo condena ou sanción de privación ou suspensión do permiso de condución acordada en vía xudicial ou administrativa.

c) No caso de autorización de exercicio para o director, declaración por escrito deste de non estar cumprindo pena ou sanción que o inhabilite para o exercicio como profesor.

d) Declaración por escrito de non estar incurso en ningunha das prohibicións para o exercicio das actividades directivas ou docentes a que se refire o artigo 12.

e) No caso de autorización de exercicio para impartir clases prácticas, informe de aptitude psicofísica emitido por un centro de recoñecemento de condutores da provincia en que se solicita, en que se acredite que reúne as condicións psicofísicas necesarias para obter permiso de condución da clase C1.

f) Dúas fotografías actualizadas da persoa para a que se solicita a autorización.

g) Copia ou fotocopia cotexada da alta na Seguridade Social.

h) Copia do certificado de aptitude de director de escolas particulares de conductores ou de profesor de formación vial.

Artigo 32. *Concesión das autorizacións de exercicio.*

1. A Xefatura Provincial de Tráfico, logo de exame da solicitude e documentación achegada, emenda, se é o caso, das deficiencias observadas, consulta do Rexistro de conductores e infractores e valoración, se é o caso, dos antecedentes que constan neste, outorgará ou denegará motivadamente a autorización de exercicio solicitada.

2. Na autorización de exercicio figurarán, polo menos, os datos de identidade e domicilio do interesado, as clases de permiso de condución para as que está autorizado a impartir ensino e a súa sinatura, así como os da escola ou sección en que exerza as súas funcións.

Artigo 33. *Alcance das autorizacións de exercicio.*

1. As autorizacións de exercicio son os únicos documentos que habilitan para a dirección docente e para o ensino profesional nunha escola.

2. Tanto a autorización de exercicio do persoal directivo como a dos profesores facultarán para exercer como máximo en dúas escolas e, se é o caso, nas súas seccións. Non obstante, por instancia do interesado, poderase conceder autorización para o devandito exercicio nun número superior de escolas e nas súas correspondentes seccións, a menos que motivadamente se aprecie por parte da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente que iso pode dificultar o ensino ou menoscaba-la súa calidade.

O persoal directivo poderá tamén realizar excepcionalmente funcións docentes sempre que estea en posesión do certificado de aptitude de profesor de formación vial ou de profesor de escolas particulares de conductores e de autorización de exercicio outorgada pola Xefatura Provincial de Tráfico. As devanditas funcións non se terán en conta para efectos de calcula-la capacidade de ensino da escola, agás nas que contén, como máximo, con seis profesores.

A vacante do director poderá ser suplida, provisionalmente e polo tempo máximo dun mes, por calquera dos profesores da escola que cumpra o requisito de antigüidade a que se refire o artigo 53.

3. A autorización de exercicio como profesor habilita para impartir-las clases teóricas necesarias para a obtención de calquera permiso ou licenza de condución e exclusivamente as clases prácticas para a obtención do permiso da clase ou clases de que o profesor sexa titular con máis dun ano de antigüidade.

Para impartir-la formación a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento xeral de conductores será necesario que o profesor estea habilitado para conducirlos citados vehículos.

Artigo 34. *Suspensión das autorizacións de exercicio.*

1. Con independencia de cando o sexan por motivo de sanción, os xefes provinciais de Tráfico deberán acordar-la suspensión das autorizacións de exercicio do persoal directivo ou docente cando:

a) Unha sentenza firme así o determine.

b) Por sentenza ou resolución administrativa firmes se privase ou suspendese o seu titular do permiso de condución, caso en que a autorización de exercicio se suspenderá polo prazo establecido na sentenza ou resolución.

c) Se padeza enfermidade que incapacite temporalmente para o exercicio das funcións.

2. En tódolos supostos a que se refiren as alíneas a) e b) do número 1, así como a alínea c), cando a enfermidade impidise o exercicio de toda actividade docente, o titular da autorización deberá facer entrega dela e mais do distintivo na Xefatura Provincial de Tráfico, en calidade de depósito, ata que finalice a suspensión.

3. Se a incapacidade fose temporal e limitada á aptitude para impartir determinados tipos de ensino, a suspensión da autorización de exercicio limitarase a esas funcións, e poderá o seu titular solicitar unha nova autorización que substitúa a inicial, mentres esta se encontre temporalmente suspendida, limitada ás funcións para as que aquel continúe estando capacitado.

Artigo 35. *Modificación da autorización de exercicio de profesor.*

Os xefes provinciais de Tráfico poderán substituír, a pedimento dos seus titulares ou do titular do centro, a autorización para exercer funcións docentes por outra en que se amplíe o alcance da autorización cando o profesor obteña un novo permiso de condución. A citada modificación, logo de solicitude do titular da escola, non poderá ser autorizada pola Xefatura Provincial de Tráfico ata que transcorrese, como mínimo, un ano desde a obtención do novo permiso.

SECCIÓN 4.^a NULIDADE OU LESIVIDADE, PERDA DE VIXENCIA, SUSPENSIÓN CAUTELAR E INTERVENCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE APERTURA E FUNCIONAMIENTO E DE EXERCICIO DO PERSOAL DIRECTIVO OU DOCENTE

Artigo 36. *Declaración de nulidade ou lesividade.*

As autorizacións administrativas reguladas neste capítulo poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou anulabilidade cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 37. *Procedemento para a declaración de nulidade ou anulabilidade.*

O procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade axustarase ó establecido no capítulo I do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 38. *Perda de vixencia.*

Con independencia do disposto no artigo anterior, a vixencia das autorizacións administrativas reguladas neste capítulo estará condicionada a que se manteñan os requisitos esixidos para o seu outorgamento. As xefaturas provinciais de Tráfico poderán declarar-la perda de vixencia das mencionadas autorizacións cando, despois de outorgadas, se acredite que desapareceu calquera dos requisitos que se esixían para iso.

Artigo 39. *Procedemento para a declaración da perda de vixencia.*

1. A Xefatura Provincial de Tráfico que outorgase as autorizacións reguladas neste capítulo tan pronto teña coñecemento da presunta carencia ou perda dalgún dos requisitos esixidos para o seu outorgamento, logo dos informes e asesoramentos que coide oportunos, iniciará o procedemento de perda de vixencia destas.

2. No acordo de incoación, que conterá unha relación detallada dos feitos e circunstancias que induzan

a apreciar, racional e fundadamente, que a escola ou o titular da autorización carece ou perdeu algún dos requisitos que se indican no número anterior, adoptaranse, de proceder, as medidas cautelares a que se refire o artigo 40.

3. Na resolución que acorde a incoación, a Xefatura Provincial de Tráfico notificaralle ó interesado que, de non acreditar documentalmente no prazo dun mes ter reposto o elemento de que carece, a inexistencia da prohibición ou reuni-los requisitos esixidos, acordará a perda de vixencia da autorización, a non ser que, no suposto da autorización de funcionamento, o titular solicite a súa suspensión de acordo co disposto no artigo 27.

4. No suposto de autorización de exercicio do persoal docente, a perda da súa vixencia non lle impedirá ó seu titular obter unha autorización restrinxida para impartir determinados tipos de ensino cando, tendo perdido algún dos requisitos, coñecementos ou condicións físicas esixidos para o exercicio da actividade docente, conserve os precisos para os devanditos tipos de ensino concretos.

Artigo 40. *Suspensión cautelar e intervención inmediata das autorizacións.*

1. No curso dos procedementos de declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións de apertura e funcionamento e as de exercicio do persoal directivo ou docente, poderase acordar a suspensión cautelar da autorización de que se trate cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para a seguridade vial ou prexudique notoriamente o interese público, caso en que o xefe provincial de Tráfico que coñeza do expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas crea necesarias para impedi-lo efectivo exercicio daquela.

2. Cando a suspensión cautelar e intervención inmediata afecte a autorización de funcionamento da escola ou sección, non se admitirán novas solicitudes para a práctica das probas de obtención de permiso e licencia de condución ata que se repare a deficiencia.

3. Cando a suspensión cautelar e intervención inmediata afecte as autorizacións de exercicio do persoal directivo ou docente, o titular da autorización non poderá desempeñar as súas funcións directivas ou docentes.

4. Nos casos a que se refiren os números 2 e 3 anteriores, a Xefatura Provincial de Tráfico esixirá a entrega da autorización correspondente.

CAPÍTULO IV

Réxime de ensino

Artigo 41. *Programación do ensino.*

1. Toda escola programará as ensinanzas axustándose ás normas do Regulamento xeral de conductores e ós obxectivos, contidos mínimos e directrices que para o efecto estableza o ministro do Interior, por proposta da Xefatura Central de Tráfico, logo de informe das asociacións máis representativas do sector do ensino da condución.

En todo caso, o ensino deberá alcanza-los niveis de calidade adecuados, estimándose que pode ser indicio suficiente para apreciar que non se produciu tal circunstancia a existencia dunha porcentaxe de alumnos declarados aptos inferior nun 20 por cento á media provincial, computada anualmente, tendo en conta, se é o caso, a existencia de circunstancias relevantes que puidesen influír nos resultados. Se esas porcentaxes se repetisen durante tres meses consecutivos, ademais da sanción

correspondente, a Xefatura Provincial de Tráfico poderá iniciar-lo procedemento de perda de vixencia da autorización de funcionamento da escola ou sección.

2. Salvo petición expresa do interesado, cada clase terá unha duración mínima de 45 minutos, con excepción das manobras en circuíto pechado, que terán unha duración mínima de 30 minutos.

3. Sen prexuízo do establecido na normativa laboral que resulte de aplicación, os profesores non poderán impartir máis de oito horas diarias de clases prácticas de condución.

Artigo 42. *Capacidade de ensino.*

O número máximo de alumnos que poderá recibir simultaneamente ensino teórico na mesma aula non excederá en ningún caso de 40, e estará, ademais, en relación coa superficie da aula en que as devanditas clases se impartan a razón de metro e medio cadrado por alumno, de forma tal que se reúnan en todo momento as condicións adecuadas de visibilidade, hixiene e comodidade.

Artigo 43. *Ensinanzas mínimas.*

1. Para se poderen presentar á proba de control de coñecementos específicos a que se refire o artigo 48.2 do Regulamento xeral de conductores, os aspirantes ó permiso das clases D1 e D deberán acreditar que seguiron con aproveitamento un ciclo teórico-práctico, de cando menos cinco horas lectivas, sobre primeiros auxilios xerais, que será impartido por un médico, asistente técnico sanitario ou diplomado universitario en enfermería ou un profesor de formación vial que acredite ter realizado un curso de soporte vital básico de, cando menos, 20 horas de duración.

2. Para ser presentado ás probas de control de aptitudes e comportamentos, salvo que sexa ou teña sido titular dun permiso de clase equivalente, o director, co previo informe do profesor que impartiu as ensinanzas, certificará por cada alumno que, a xuízo seu, este recibiu a formación práctica necesaria para obter-lo permiso de condución.

Nos casos especiais a que se refire o artigo 56 do Regulamento xeral de conductores, o director deberá certificar baixo a súa responsabilidade que durante o ensino comprobou que as causas que lle impiden ó alumno realiza-la proba en forma escrita son verídicas.

3. Se un alumno insistise en ser presentado a exame sen o certificado a que se refire o parágrafo primeiro do número anterior, o director da escola farao constar expresamente baixo a súa sinatura na solicitude de exame.

CAPÍTULO V

Documentación e distintivos obrigatorios

Artigo 44. *Rexistro de alumnos.*

Toda escola ou sección deberá levar un rexistro de alumnos matriculados con follas numeradas, dilixenciadas e seladas pola Xefatura Provincial de Tráfico. Este rexistro, que poderá estar informatizado, será cuberto diariamente por orde de inscrición e nel constarán todos os alumnos matriculados con expresión dos datos de cada un relativos ó número e á data de inscrición, nome, apelidos, documento nacional de identidade e data de nacemento, clase ou clases de permiso ou licencia de condución que posúe e a que aspira, datas en que inicia e termina o ensino e o resultado final obtido.

O rexistro, do que se responsabilizará o titular da escola ou a persoa en quen delegue, será custodiado e conservado no centro durante, polo menos, cinco anos, contados a partir da última inscrición realizada nel.

Artigo 45. *Fichas do alumno.*

Toda escola ou sección deberá cubrir, por cada alumno, as fichas de clases teóricas e prácticas e de actitudes que sexan precisas. Nestas fichas, que se axustarán ó modelo oficial que determine o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, figurarán os datos do centro, do alumno, do profesor, as clases recibidas e espazos adecuados para que o profesor poida facer constar as súas observacións en relación coa aprendizaxe, os riscos detectados no alumno ó inicio do proceso formativo e o instrumento utilizado nesta avaliación, certificar se o alumno recibiu a formación necesaria para ser presentado á realización das probas e obter o permiso ou licenza de que se trate e consignar as datas e os resultados das probas realizadas.

Na ficha de clases teóricas, que cubrirá o profesor que as imparta, figurarán, ademais, as datas de inicio e finalización do ciclo de ensino e as faltas de asistencia á clase do alumno.

A ficha de clases prácticas, que cubrirá o profesor que as imparta, disporá, ademais, de espazos adecuados para consignar a data e hora de cada clase e, nas clases de circulación en vías abertas ó tráfico, a quilometraxe do vehículo ó comezo e ó final. Igualmente, disporá dun espazo para que, tanto o alumno coma o profesor, poidan asinar ó finalizala. Esta ficha deberaa levar consigo o profesor durante as clases prácticas e con ocasión das probas de control de aptitudes e comportamentos, tanto en circuíto pechado como en circulación en vías abertas ó tráfico xeral, e estará obrigado a exhibila sempre que algún funcionario do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou os axentes encargados da vixilancia do tráfico, no exercicio das súas funcións, o requiran.

As fichas dos alumnos deberanse custodiar e conservar no centro á disposición da Xefatura Provincial de Tráfico durante, polo menos, dous anos contados a partir da data en que o alumno deixou de selo.

Artigo 46. *Distintivos.*

O persoal directivo e docente deberá levar, nos casos que se indican nos artigos 7 e 9, un distintivo persoal axustado a modelo oficial e selado pola Xefatura Provincial de Tráfico, en que consten os datos do director ou profesor, coas súas respectivas fotografías, e os da escola ou sección en que exerce as súas funcións.

Artigo 47. *Contrato de ensino.*

Toda escola deberá subscribir con cada un dos seus alumnos un contrato de ensino en que se especifiquen os dereitos e as obrigas que, como consecuencia daquel, se deriven para cada unha das partes contratantes. Un exemplar entregáraselle ó alumno e o outro quedará arquivado na escola.

Artigo 48. *Libro de reclamacións.*

As escolas deberán ter, por cada sección, á disposición do público e da Xefatura Provincial de Tráfico, un libro de reclamacións dilixenciado e selado pola devandita Xefatura.

CAPÍTULO VI

Inspeccións

Artigo 49. *Inspeccións.*

1. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico poderá inspeccionar as escolas e as súas seccións en calquera momento e cantas veces se xulgue conveniente. En todo caso, realizarase unha inspección previamente á concesión da autorización de funcionamento e das modificacións das autorizacións de apertura e funcionamento que supoñan cambio, alteración ou ampliación dos locais, terreos para prácticas e vehículos.

2. Para efectuar a inspección, os funcionarios comisionados do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico terán acceso ós locais, terreos ou, se é o caso, zonas de ensino práctico, ós vehículos e a toda a documentación regulamentaria da escola ou sección, así como a relativa ós seus elementos persoais e materiais, e poderán presenza-lo desenvolvemento das clases cando o estimen oportuno e analizar coa colaboración dos profesores as fichas dos alumnos.

3. De cada visita de inspección levantarase acta, da que se entregará copia á escola ou sección inspeccionada.

CAPÍTULO VII

Sancións

Artigo 50. *Sancións.*

As infraccións ás normas contidas neste regulamento serán sancionadas dentro do marco legal establecido no artigo 67.2 e 4 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, de conformidade co disposto no Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, especialmente en canto ós criterios para ponderar a gravidade das infraccións.

CAPÍTULO VIII

Obtención dos certificados de aptitude

Artigo 51. *Certificados de aptitude.*

Os certificados de aptitude que habilitan para exercer, respectivamente, funcións directivas e docentes nas escolas particulares de condutores, serán expedidos pola Dirección Xeral de Tráfico logo da superación das probas e cursos que se establecen nesta sección. Ámbolos certificados se axustarán ó modelo que determine o Ministerio do Interior.

Artigo 52. *Obtención do certificado de aptitude de profesor de formación vial.*

1. O certificado de aptitude de profesor de formación vial poderase obter superando os cursos ou probas que para o efecto se convoquen.

2. Para tomar parte nos cursos ou probas será necesario:

a) Estar en posesión, como mínimo, do título de educación secundaria obrigatoria ou do título de técnico (formación profesional de grao medio).

b) Ser titular do permiso de conducción ordinario da clase B, polo menos, cunha antigüidade mínima de dous anos.

c) Posuí-las aptitudes psicofísicas que determine o Ministerio do Interior por proposta da Dirección Xeral de Tráfico. Non obstante, os que, sen as posuíren, estean en posesión dun permiso de conducción da clase B ou un permiso extraordinario da clase B, cando menos, suxeito a condicións restrictivas, cunha antigüidade mínima de dous anos, obtido ó amparo do disposto no artigo 14.2 do Regulamento xeral de conductores, poderán obter un certificado de aptitude limitado a ensinanzas de carácter teórico.

3. As probas serán de carácter obxectivo e nelas valoraranse os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica.

4. A parte teórica dos cursos ou probas comprenderá, cando menos, as materias seguintes:

- a) Normas e sinais reguladores da circulación.
- b) Cuestións de seguridade vial, técnica de conducción e circulación, conducción económica, ambiente e contaminación, accidentes de circulación, causas e factores que interveñen neles.
- c) Regulamentación xeral de vehículos e, en especial, dos vehículos pesados, de transporte de persoas e mercadorías, prioritarios e especiais.
- d) Seguro de automóviles.
- e) Normativa pola que se regulan os permisos de conducción, as súas clases e as probas de aptitude que cómpre realizar para a súa obtención.
- f) Normativa pola que se regulan a aprendizaxe da conducción e os centros de formación de conductores.
- g) Pedagogía e psicoloxía aplicadas á conducción.
- h) Mecánica e mantemento simple dos automóviles.
- i) Comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente de circulación.

Será necesario ter superado tódalas materias que integran esta parte teórica para pasar a realiza-la parte práctica dos cursos ou probas.

5. A parte práctica dos cursos ou probas consistirá no desenvolvemento de clases teóricas e prácticas relacionadas coas materias establecidas no número 4.

Finalizados os cursos ou as probas, expediráselle-lo certificado de aptitude de profesor de formación vial a quen os superase, que será inscrito no Rexistro de profesionais do ensino da conducción a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, quedando exento das probas de control de coñecementos para a obtención do permiso de conducción.

6. Non será necesario que realicen a parte práctica dos cursos ou probas os que vaian obter un certificado de aptitude limitado a ensinanzas de carácter teórico.

Artigo 53. Obtención do certificado de aptitude de director de escolas de conductores.

1. Para obte-lo certificado de aptitude de director de escolas de conductores será necesario estar en posesión do certificado de aptitude de profesor de formación vial ou de profesor de escolas particulares de conductores, da autorización de exercicio como profesor por un período mínimo de cinco anos e supera-los cursos ou probas que para o efecto se convoquen.

2. Os cursos e probas versarán sobre a normativa que regula as escolas particulares de conductores, tramitación administrativa e coñecementos xerais de xestión de empresas aplicada á xestión e dirección das devanditas escolas, estatística, organización e dirección de centros docentes e psicoloxía das organizacións.

3. Finalizados os cursos ou as probas, a quen as superase seralle expedido o certificado de aptitude de director de escolas de conductores, circunstancia que se fará constar no Rexistro de profesionais do ensino

da conducción a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 54. Convocatoria dos cursos para obte-los certificados de aptitude.

Os cursos e probas para obte-los certificados de aptitude de profesor de formación vial e de director de escolas particulares de conductores serán regulados por orde do ministro do Interior, e corresponderalle a súa convocatoria á Dirección Xeral de Tráfico ou ó órgano autónomo competente. Os cursos e probas convocaranse cunha periodicidade mínima bienal.

A resolución que convoque os cursos ou probas establecerá o réxime, o contido, a duración e o lugar de celebración dos cursos, o sistema de selección, as probas e avaliacións que se deban realizar, o número de preguntas que se formularán e o máximo de erros permitidos, así como os sistemas e criterios de cualificación das probas e avaliacións, os recursos contra as decisións sobre a cualificación das probas e cantas cuestións sexan de interese para o seu desenvolvemento.

CAPÍTULO IX

Os rexistros de centros de formación de conductores e de profesionais do ensino da conducción

Artigo 55. Órgano competente para levar e xestionar-los rexistros.

1. Os rexistros de centros de formación de conductores e de profesionais do ensino da conducción, a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, serán levados e xestionados pola Dirección Xeral de Tráfico.

2. O titular do órgano responsable dos rexistros ou ficheiros automatizados adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar, en todo caso, a confidencialidade, a seguridade e a integridade dos datos automatizados de carácter persoal existentes nos rexistros e o uso destes para a finalidade para os que foron recollidos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos que se é o caso procedan.

Artigo 56. Finalidade dos rexistros.

1. O Rexistro de centros de formación de conductores terá como finalidade recoller e xestionar de forma automatizada os datos dos centros de formación ós que lles foron concedidas as autorizacións de apertura e funcionamento, así como os relativos á súa nulidade e lesividade e á modificación, as medidas cautelares e, se é o caso, a intervención da autorización de funcionamento.

2. O Rexistro de profesionais do ensino da conducción terá como finalidade recoller e xestionar de forma automatizada os datos de carácter persoal dos titulares dos certificados de aptitude de profesores e directores de escolas particulares de conductores e de profesores

de formación vial, así como os relativos á modificación, nulidade, lesividade, perda de vixencia, medidas cautelares e, se é o caso, a intervención das súas autorizacións de exercicio.

Disposición adicional primeira. *Datos persoais.*

As disposicións contidas neste regulamento que afecten o tratamento dos datos persoais aplicaranse de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional segunda. *Xefaturas Locais de Tráfico de Ceuta e Melilla.*

As referencias contidas ó longo deste regulamento ás Xefaturas Provinciais de Tráfico entenderanse feitas tamén ás Xefaturas Locais de Tráfico de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional terceira. *Aplicación supletoria.*

En todo o non regulado expresamente neste regulamento será de aplicación supletoria o disposto no Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación ós requisitos sobre documentación e elementos persoais e materiais.*

As escolas dadas de alta con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento deberanse adaptar ós requi-

sitos esixidos nel en canto á documentación e ós elementos persoais e materiais no prazo dun ano, contados a partir da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste regulamento.

Disposición transitoria segunda. *Titulacións académicas.*

Os profesores e directores que no momento da entrada en vigor deste regulamento estiveren autorizados para exercer de acordo coas titulacións académicas esixidas pola normativa anterior, poderán continuar exercendo as súas funcións mentres sigan autorizados para exercer como tales.

Disposición transitoria terceira. *Autorizacións para exercer en máis de dúas escolas.*

Os directores e profesores que estean autorizados para exercer en máis de dúas escolas poderán continuar prestando os seus servizos nas escolas para as que fosen autorizados, durante o prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste regulamento, transcorrido o cal se aplicarán os límites establecidos nel.

Disposición transitoria cuarta. *Cursos e probas para a obtención dos certificados de aptitude de profesor de formación vial e de director de escolas particulares de conductores.*

Ata que por orde do ministro do Interior se regulen os cursos e probas para a obtención dos certificados de aptitude de profesor de formación vial e de director de escolas particulares de conductores, os devanditos cursos e probas continuarán a rexer polas disposicións vixentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.